

Nolo Romero Concelleiro

«Intentaremos implicar máis á mocidade nos festexos»

O edil responsable da organización das celebracións confía en introducir algúns cambios nos vindeiros anos

MARTA GÓMEZ RIBEIRA

O ano pasado, a nova corporación tomou posesión a mediados do mes de xuño, co que a programación das festas de Boiro estaba xa practicamente pechada e pouco puido notarse a man do novo concelleiro de Festexos, Nolo Romero, no resultado final. Desta volta, a súa implicación foi maior, pero espera que nos vindeiros anos vaia a máis para introducir algúns cambios de cara a mellorar unhas festas que buscan «atraer á xente».

—Habendo unha comisión de festas, ¿que papel xoga exactamente o concelleiro?

—Inténtase que a comisión sexa independente, pero non chega a selo nunca ao ser o presidente o concelleiro de Festexos, e ademais hai algunhas decisións que tomamos dende o Concello. Pero a comisión leva moitos anos e intentamos seguir as súas pautas.

—¿Que destacaría do programa deste ano con respecto a anteriores edicións das festas?

—Continuamos coa tendencia do ano pasado co tema das orquestras, intentando que veñan as agrupacións con máis tirón. É o que busca o cartel das festas, atraer á xente, e hai que darlle o que demanda, que son boas orquestras. Outra cousa importante é que queremos darlle máis empuxe ao día das peñas, que vai medrando ano tras ano. E tamén sumamos un día con actividade na zona de abaixo, coa final do certame musical Curota Sound na praza da Mancomunidade. Pouco a pouco queremos ir introducindo a festa nesa zona, e o ano que vén espero que haxa máis implicación da hostalería para logralo.

«Percíbese un baixón nas achegas dalgúns patrocinadores»

«Queremos ir introducindo a festa na zona da movida»

—Cambia tamén o día do pregón da festa.

—Si, esa é outra novidade porque entendiamos que o pregón debería darse no primeiro día das festas, para abrir a programación. O que si se mantén é o desfile do domingo, co que este ano se quere recoñecer os méritos do Club Voleibol polos éxitos deportivos que acadou nesta tempada. E mantéñense tamén os fogos de artificio na praza de A Boqueira de A Negral.

—¿Nótase a crise nas festas?

—Nótase sobre todo á hora de recadar as achegas dos patrocinadores, porque sempre apoiaron moito á comisión e agora non todos poden facelo e si que se percibe un baixón que é comprensible. Hai algunha que se mantén, pero a tendencia é que a colaboración das empresas vaia a menos.

—¿Obrigou isto a facer axustes na programación?

—Si, intentamos manter un equilibrio reducindo un pouco nos fogos artificiais, nas orquestras ou na Mostra das Culturas.

—¿E como leva o concelleiro de Festexos os todos os preparativos?

—Aprendendo, sobre todo, vendo como se fan as cousas para poder implicarme máis na organización o ano que vén e darlle o meu toque.

—¿Que toque é ese?

—Queremos implicar máis á mocidade nas celebracións, que se sinta parte dos festexos. Ultimamente, o programa está máis centrado na parte tradicional e das orquestras, e queremos potenciar a zona da movida con novas actividades.

—Así que haberá cambios nos próximos anos.

—Intentaremos manter reunións cos hostaleiros da zona da movida para que sexan eles os que nos fagan propostas. Levar as orquestras para alá abaixo non pode ser, pero si é posibles organizar outro tipo de actividades coma concertos e demais. O que queremos é que eles nos digan que é o que queren e que tomen un

pouco a iniciativa, e tamén que se impliquen máis economicamente para programar cousas novas.

—Falando da movida, ¿preocupa que se poidan producir problemas pola cantidade de xente que se xunta nas festas?

—Está claro que canta máis xente haxa, máis risco existe de que poida haber algún incidente, pero para iso se fai sempre previamente unha xuntanza de seguridade na que están tanto a Policía Local como a Garda Civil e o Grumir. Nesa reunión explícaselles o programa e xa se ocupan os corpos de seguridade de organizar todo.



Nolo Romero cre que o programa atraerá a moita xente FOTO BALVIS

VOLTA Á PRAIA

con Boiro Aberto

Do 15 de xuño ao 15 de xullo
repartimos máis de 3000 premios!!

Pide o teu rasca por cada 10€ de compra e poderás gañar fantásticos agasallos.

toallas - sombrillas - bolsos - pajas - parasoles - pelotas

www.boiroaberto.com
www.facebook.com/boiroaberto






